

Adaptación da programación do departamento de Lingua Galega e Literatura 2022-2023 para os cursos LOMCE da ESO, segundo establece a Orde do 27 de decembro de 2022 de modificación da Orde do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

En base á normativa citada anteriormente, modifícanse parcialmente os puntos **10.2** e **10.3** da inicial programación, quedando estes coa seguinte redacción:

10.2. Criterios de cualificación

ENSINANZA PRESENCIAL

✓ Ao longo de cada trimestre realizaranse **dous exames escritos** para avaliar se o alumnado acadou con éxito os obxectivos sinalados en cada avaliación, que computarán por igual na porcentaxe global. As probas escritas sobre os contidos da materia suporán ou **50%** ou **60% da cualificación en cadanseu curso** e en cada trimestre e para que a avaliación sexa aprobada ten que ter un resultado medio de 5 puntos sobre 10 ou máis. Para poder facer media a nota non debe ser inferior a **4** sobre 10 en calquera das partes. Se algunha das partes non chega a esa nota a materia queda suspensa e o alumno deberá recuperar a parte en cuestión; neste caso **a nota final da avaliación non poderá ser superior ao 4**. As partes non superadas de cada avaliación poderanse recuperar nun **exame final** no mes de xuño.

✓ A **non** realización das **lecturas establecidas por** trimestres será penalizada coa baixada dun **20%** da nota global para a obtención do Aprobado. Ademais das lecturas obrigatorias propóranse outros títulos optativos. Cada traballo sobre un libro optativo cualificarase cun máximo de **0'5** na avaliación (ata un máximo de 1 punto).

✓ Na **cualificación final** influirán o grao de asimilación de contidos por parte do alumno/a (criterio este básico e fundamental); a actitude de traballo (reflectida na ficha do alumno/a), interese e respecto amosada na clase durante todo o curso; a súa asistencia regular ás aulas e, finalmente, as lecturas e traballos realizados. A realización de lecturas e traballos con carácter voluntario, así como e actitude cara a materia por parte do alumnado suporá o 10% da cualificación en cada trimestre. Esta nota coincidirá coa obtida no terceiro trimestre do curso.

✓ Os alumnos poderán **subir nota** (até un máximo de 1 punto) facendo lecturas optativas ou traballos voluntarios. Farase a comprobación da lectura a través dunha proba oral ou escrita.

✓ O alumnado que, eventualmente, teña un **desaproveitamento continuado da formación** por acumulación de faltas de asistencia sen xustificar, terá dereito a asistir á clase e a unha proba final que se realizará antes da avaliación ordinaria de xuño.

✓ O alumnado debe asistir sempre á clase. As faltas de asistencia **sen xustificar** descontarán **0,5 puntos** ata un máximo de 2 puntos cada avaliación.

✓ A **oralidade** en lingua galega terá un peso porcentual de **10%**. Comprobarase na praxe diaria da aula e reflectirase na ficha persoal da alumna ou alumno. Nas probas de lecturas, 20%, tamén se terá en conta esta faceta.

✓ O uso de calquera clase de **medio fraudulento** na realización de probas, actividades e exames implicará a obtención automática de cero (0) como cualificación na avaliación de referencia, sexa esta ordinaria ou extraordinaria.

✓ O bloque de **funcionamento da lingua** é de avaliación continua. Os contidos teóricos da literatura, lingua e sociedade, comprensión e produción textual, así como as diferentes lecturas, son propios de cada avaliación.

✓ Ademais dos contidos conceptuais nas **probos escritas** tamén se terá en conta a corrección lingüística do exame, acorde ao nivel académico de 1º de bacharelato, polo que sobre a cualificación global se poderán descontar ata un **máximo de 2 puntos** por erros ortográficos. Estes compútanse segundo diferentes niveis de gravidade: **erros moi graves (-0.2 puntos), graves (-0.1 puntos) e leves (-0.05 puntos)**. Pormenorízanse a continuación.

- **Moi graves:** solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono, etc. Descontaranse 0,2 puntos por cada un.

- **Graves:** solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y*, etc.) e acentuación diacrítica. Descontarase 0,1 punto por cada un.

- **Leves:** solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica. Descontaranse 0,05 puntos por cada un.

✓ As **tarefas e traballos obrigatorios** que non sexan realizados descontarán **0.25 puntos** cada un na nota final ata un máximo de 2 puntos. O alumno pode restalos por medio de positivos.

✓ O traballo na **Aula Virtual** terá un peso dun 10%. Estas tarefas quedarán rexistradas na base de datos da propia Aula Virtual do centro.

✓ As probas, traballos e tarefas que sexan **ilexibles** non se avaliarán, decidindo o profesor a forma de poder recuperalos.

✓ En resumo, na materia de Lingua Galega e Literatura o cadro xeral ficaría desta maneira:

Para **Segundo da ESO**:

Exames e probas	50%
Lecturas	20%
Oralidade	10%
Caderno e traballo diario	10%
Aula Virtual	10%

En **Cuarto da ESO** muda:

Exames e probas	60%
Lecturas	20%
Oralidade	10%
Aula Virtual	10%

- A participación e o traballo, ben de forma presencial ou virtual, soben a nota de clase. As actitudes pasivas ou negativas, por non realizar ou entregar en prazo o traballo diario, tamén penalizan esa nota (ata 0,25 puntos cada falta) e a súa acumulación pode implicar un suspenso na avaliación (a parte de posibles sancións disciplinarias).



Para a materia de **Segunda Lingua Estranxeira: Portugués** os criterios serán os seguintes:

- 50% as probas escritas
- 20% a Expresión Oral e Comunicación Oral
- 10% a ficha de lectura
- 10% traballo diario (tarefas, traballos individuais/colectivos, etc.)
- 10% caderno da materia

Ensinanza non presencial

Só no caso de que a evolución da pandemia obrigue ao peche do centro e volvamos á docencia non presencial con todo alumnado, estableceranse os seguintes criterios de cualificación para este tipo de docencia:

- O profesorado irá facendo a avaliación do alumnado co rexistro de tarefas e/ou probas telemáticas dependendo, fundamentalmente, do nivel educativo do curso a avaliar dentro da etapa.. A puntuación de cada tarefa ou proba será establecida previamente polo profesor atendendo a súa dificultade e/ou o seu peso nos contidos do curso.

No caso de que a avaliación se faga só por tarefas é requisito imprescindible facer a entrega de cada unha delas en forma e prazo establecido polo profesor/a, considerándose, de non ser así, dita tarefa como non presentada. A flexibilización de prazos de entrega só se aplicará a aquel alumnado con problemas de conectividade xustificada, que terán que estar confirmados polo titor/a do alumno/a.

No caso de avaliación combine a entrega de tarefas e probas telemáticas, ademais de contemplarse o citado anteriormente en relación ás tarefas é requisito imprescindible obter unha nota mínima de 4 puntos sobre 10 en cada unha das diferentes probas do trimestres, sendo, noutro caso, cualificado sempre con insuficiente aquel alumnado que non cumpra dito requisito. Nestes casos, se o alumno/a que non chegue a esa nota mínima de 4 nunha das probas da avaliación, obtén máis de 7 puntos na outra/as probas non terá obriga de recuperar ditos contidos na recuperación da avaliación correspondente. A nota final do alumno no periodo non presencial obterase facendo a

media, aritmética ou ponderada (previamente comunicado polo profesor/a), das notas obtidas en cada unha das probas telemáticas ou traballos recollidos polo profesor.

- Unha vez obtida a nota do alumno, segundo un ou outro método de avaliación esta verase modificada por estoutros criterios:
- A participación virtual do alumnado a través de foros ou videoconferencia soben a nota de clase. As actitudes pasivas ou negativas, por non realizar ou entregar en prazo o traballo diario , tamén penalizan esa nota (ata 0,25 puntos cada falta) e a súa acumulación pode implicar un suspenso na avaliación (a parte de posibles sancións disciplinarias). A non realización de traballos virtuais obrigatorios, tamén pode supoñer un suspenso, se así se advirte.
- A presentación a través de medios telemáticos de traballos voluntarios, soben a nota de clase no caso de estar ben feitos.
- Se se colle a algún alumno/a copiando nunha proba telemática, pódese considerar suspenso (0 puntos nesa proba).
- En certos casos poderase ter en conta o punto de partida do alumno/a ou circunstancias que puideran influír nos resultados, sempre coa intención de favorecerlo/a.

Avaliación final

A nota final do alumno/a calcularase sempre dando un peso proporcional á nota obtida na docencia presencial e non presencial atendendo ao número de sesións do curso que o alumno estivo nun e noutro tipo de docencia. A nota obtida no terceiro trimestre do curso ha ser a mesma que a que figure na avaliación final ordinaria, tal como establece o novo decreto.

10.3. Procedementos de recuperación do alumnado suspenso

10.3.1. Recuperación

- O alumnado suspenso do curso correspondente de ESO recibirá indicacións sobre como

recuperar esa materia. Debe terse en conta que a maioría dos contidos tanto gramaticais como de comprensión e expresión literaria son progresivos, ademais da importancia que queremos darlle a expresarse correctamente, traballar en equipo, ter unha actitude colaboradora, levar un caderno de clase en condicións... Polo tanto cabe a posibilidade de recuperar un suspenso rectificando os erros cometidos e aprobando no trimestre seguinte. Por esta razón non se realizarán exames de recuperación específicos ata final de curso no mes de xuño, preferíndose que o alumnado se comprometa na mellora do seu traballo diario en vez de examinarse cada tres meses dunha serie de conceptos que despois non aplique na súa práctica cotiá e siga mantendo actitudes e hábitos de estudo desaxeitados. En consecuencia, os exames de recuperación, se chega a ser necesario facelos, realizaranse en xuño.

O alumnado coa materia pendente elaborará exercicios orientados a superar os contidos e obxectivos mínimos seleccionados para cada curso polo Departamento.

PENDENTES DE 1º ESO

O alumnado coa materia pendente de 1º ESO terá que acceder á Aula Virtual do IES Indalecio Pérez Tizón e acceder ao curso de Pendentes de 1º ESO. Nese curso da Aula Virtual estará matriculado todo o alumnado de 2º ESO que non obtivo cualificación positiva na materia de Lingua e literatura no curso académico 2021-22. Deberá seguir as instrucións que alí se indican.

O traballo a realizar polo alumnado será:

- Entregar en prazo os traballos que se piden en cada avaliación. A ponderación deses traballos será do 20%, é dicir, ata un máximo de dous puntos.
- Realizar a lectura dun libro e cubrir a ficha de lectura correspondente, realizando o exame oral o día que entregue a ficha de lectura. A ponderación desta lectura será do 10%, é dicir, ata un máximo de un punto.
- Realizar as Probas que están na Aula virtual, unha ou dúas por avaliación. A ponderación destas probas será do 10%, é dicir, ata un máximo de un punto.
- Realizar unha proba escrita por avaliación nas datas que propoña Xefatura de estudos, fóra do horario lectivo. A ponderación desta proba será do 60%, é dicir, ata un máximo de seis puntos. A parte correspondente á Gramática será de avaliación continua, é dicir, na terceira avaliación estarán tamén os contidos gramaticais da primeira e da segunda. Os contidos literarios e sociolingüísticos serán avaliados por avaliación. O contido da proba serán partes do traballo que teñen que entregar en cada avaliación.
- Posibilidade de realizar a lectura dun libro voluntario, cunha valoración de ata 0'5 puntos. Na Aula virtual estará colgada unha listaxe de lecturas seleccionadas polo profesor.

O profesor que imparte a materia de Lingua en 2º da ESO será o encargado de avisar o alumnado das datas e dos prazos dos distintos traballos e das probas escritas, en comu-

nicación co Xefe de Departamento. Tamén será o encargado de realizar ao alumnado o exame oral dos libros de lectura. Así mesmo, informará ás familias do procedemento a seguir para a recuperación da materia de Lingua e literatura de 1º ESO mediante notificación enviada ás mesmas que terá que ser devolta asinada ao profesor.

PENDENTES DE 2º ESO

O alumnado coa materia pendente de 2º ESO terá que acceder á Aula Virtual do IES Indalecio Pérez Tizón e acceder ao curso de Pendentes. Nese curso da Aula Virtual estará matriculado todo o alumnado de 3º ESO que non obtivo cualificación positiva na materia de Lingua e literatura no curso académico 2021-22. Deberá seguir as instrucións que alí se indican.

O traballo a realizar polo alumnado será:

- Entregar en prazo os traballos que se piden en cada avaliación. A ponderación destes traballos será do 20%, é dicir, ata un máximo de dous puntos.
- Realizar a lectura dun libro e cubrir a ficha de lectura correspondente, realizando o exame oral o día que entregue a ficha de lectura. A ponderación desta lectura será do 10%, é dicir, ata un máximo de un punto.
- Realizar unha proba escrita por avaliación nas datas que propoña Xefatura de estudos, fóra do horario lectivo. A ponderación desta proba será do 70%, é dicir, ata un máximo de sete puntos. A parte correspondente á Gramática será de avaliación continua, é dicir, na terceira avaliación estarán tamén os contidos gramaticais da primeira e da segunda. Os contidos literarios e sociolingüísticos serán avaliados por avaliación. O contido da proba serán partes do traballo que teñen que entregar en cada avaliación.
- Posibilidade de realizar a lectura dun libro voluntario, cunha valoración de ata 0'5 puntos. Na Aula virtual estará colgada unha listaxe de lecturas seleccionadas polo profesor.

O profesor que imparte a materia de Lingua en 3º da ESO será o encargado de avisar ao alumnado das datas e dos prazos dos distintos traballos e das probas escritas, en comunicación co Xefe de Departamento. Tamén será o encargado de realizar ao alumnado o exame oral dos libros de lectura. Así mesmo, informará ás familias do procedemento a seguir para a recuperación da materia de Lingua e literatura de 2º ESO mediante notificación enviada ás mesmas que terá que ser devolta asinada ao profesor.

PENDENTES DE 3º ESO

O alumnado coa materia pendente de 3º ESO terá que acceder á Aula Virtual do IES Indalecio Pérez Tizón e acceder ao curso de Pendentes. Nese curso da Aula Virtual estará matriculado todo o alumnado de 4º ESO que non obtivo cualificación positiva na materia de Lingua e literatura no curso académico 2021-22. Deberá seguir as instrucións que alí se indican.

O traballo a realizar polo alumnado será:

- Entregar en prazo os traballos que se piden en cada avaliación. A ponderación des-tes traballo será do 20%, é dicir, ata un máximo de dous puntos.
- Realizar a lectura dun libro e cubrir a ficha de lectura correspondente, realizando o exame oral o día que entregue a ficha de lectura. A ponderación desta lectura será do 10%, é dicir, ata un máximo de un punto.
- Realizar unha proba escrita por avaliación nas datas que propoña Xefatura de estudos, fóra do horario lectivo. A ponderación desta proba será do 70%, é dicir, ata un máximo de sete puntos. A parte correspondente á Gramática será de avaliación continua, é dicir, na terceira avaliación estarán tamén os contidos gramaticais da primeira e da segunda. Os contidos literarios e sociolingüísticos serán avaliados por avaliación. O contido da proba serán partes do traballo que teñen que entregar en cada avaliación.
- Posibilidade de realizar a lectura dun libro voluntario, cunha valoración de ata 0'5 puntos. Na Aula virtual estará colgada unha listaxe de lecturas seleccionadas polo profesor.

O profesor que imparte a materia de Lingua en 4º da ESO será o encargado de avisar ao alumnado das datas e dos prazos dos distintos traballos e das probas escritas, en comunicación co Xefe de Departamento. Tamén será o encargado de realizar ao alumnado o exame oral dos libros de lectura. Así mesmo, informará ás familias do procedemento a seguir para a recuperación da materia de Lingua e literatura de 4º ESO mediante notificación enviada ás mesmas que terá que ser devolta asinada ao profesor.

10.3.2. Cualificación final ordinaria

A cualificación final ordinaria baséase no progreso continuado da materia ao longo do curso e coincidirá coa emitida no terceiro trimestre do curso en xuño. A nota final responde a unha nota porcentual dos distintos apartados recollidos nos criterios de cualificación.

10.3.3. Proba extraordinaria

Tendo en conta esta nova Orde, esta proba extraordinaria desaparece desta programación.